

MAREMA GNUM

publicación galega sobre os trastornos do espectro autista

CG n° 18 - 2014

ANSIEDADE, ACOSO E INCLUSIÓN NAS PERSOAS CON AUTISMO



ANSIEDADE, ACOSO E INCLUSIÓN NAS PERSOAS
CON AUTISMO

AUTISMO GALICIA

MAREMAGNUM

 AUTISMO GALICIA

Nº 18. Ano 2014

Número Ordinario

galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas

cjimenez@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez

Emma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Manuel Ojea Rúa

Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Felicia Estévez Salazar

Andrea Villarino Rúa

Ilustración portada

Álvaro de la Vega

Edita

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

E-mail: info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Difux, S.L.

Sumario

– GALEGO –

7

Editorial

ANSIEDADE, ACOSO E INCLUSIÓN NAS PERSOAS CON AUTISMO

11

PERCEPCIÓN DE ACOSO ENTRE IGUAIS NOS CENTROS EDUCATIVOS
POR ESTUDANTES CON TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA

Manuel Ojea Rúa, Paula Carreiro Prieto

31

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN UNIVERSITARIA PARA A ATENCIÓN AOS
ESTUDANTES CON DISCAPACIDADE RECOÑECIDA COMO
“SÍNDROME DE ASPERGER”

M. López Sinoga, C. Senín Calderón, D. Mestre Flores, E. Marchena Consejero

37

O ENSINO DE HABILIDADES EMOCIONAIS E SOCIAIS A ALUMNADO CON
TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA EN EDUCACIÓN PRIMARIA:
UNHA EXPERIENCIA NA REXIÓN DE MURCIA

Josefina Lozano Martínez, Irina Sherezade Castillo Reche

47

A INTERVENCIÓN PRECOZ NAS PERTURBACIÓNS DO ESPECTRO
DO AUTISMO EN PORTUGAL

Helena Isabel da Silva Reis, Ana Paula Silva Pereira, Leandro da Silva Almeida

57
DESCENDER AOS INFERNOS

Carmen Molina

65
MAREMAGNUM: UNHA REVISTA PARA A INCLUSIÓN SOCIAL

Cipriano Luis Jiménez Casas, Andrea Villarino Rúa

73
PATRIARCADO E AUTORITARISMO

Teresa Barro

79
CANDO NACEN AS ESTRELAS

Agustín Fernández Paz

— TRADUCCIÓN CASTELLANO —

91
Editorial

ANSIEDAD, ACOSO E INCLUSIÓN EN LAS PERSONAS CON AUTISMO

95
PERCEPCIÓN DE ACOSO ENTRE IGUALES EN LOS CENTROS
EDUCATIVOS POR ESTUDIANTES CON TRASTORNO DEL ESPECTRO
AUTISTA

Manuel Ojea Rúa, Paula Carreiro Prieto

115
PROTOCOLO DE ACTUACIÓN UNIVERSITARIA PARA LA ATENCIÓN A LOS
ESTUDIANTES CON DISCAPACIDAD RECONOCIDA COMO
“SÍNDROME DE ASPERGER”

M. López Sinoga, C. Senín Calderón, D. Mestre Flores, E. Marchena Consejero

121

LA ENSEÑANZA DE HABILIDADES EMOCIONALES Y SOCIALES A
ALUMNADO CON TRASTORNO DEL ESPECTRO AUTISTA EN EDUCACIÓN
PRIMARIA: UNA EXPERIENCIA EN LA REGIÓN DE MURCIA

Josefina Lozano Martínez, Irina Sherezade Castillo Reche

131

LA INTERVENCIÓN TEMPRANA EN LOS TRASTORNOS DEL ESPECTRO
DEL AUTISMO EN PORTUGAL

Helena Isabel da Silva Reis, Ana Paula Silva Pereira, Leandro da Silva Almeida

141

DESCENDER A LOS INFIERNOS

Carmen Molina

149

MAREMAGNUM: UNA REVISTA PARA LA INCLUSIÓN SOCIAL

Cipriano Luis Jiménez Casas, Andrea Villarino Rúa

157

PATRIARCADO Y AUTORITARISMO

Teresa Barro

163

CUANDO NACEN LAS ESTRELLAS

Agustín Fernández Paz

PATRIARCADO E AUTORITARISMO

Teresa Barro¹

RESUMO

O patriarcado é un sistema de goberno da sociedade humana que impón autoritarismo e dictadura e usa a familia patriarcal para fixar padróns de superioridade e inferioridade nata, xerarquía indiscutíbel e inxusticia que logo se repiten en todas as estruturas políticas, sociais e económicas. O patriarcado ancora no pasado, fomenta a imitación, a uniformidade e a reprodución automática, impide a creación e aprisiona á humanidade. O patriarcado maltrata ás mulleres e as inferioriza e, aínda que decreta a superioridade do masculino, tamen quebra, estraga e anula aos homes.

¹ A autora María Teresa Barro Muñoz-Ortiz é Licenciada en Filosofía e Letras polas Universidades de Santiago de Compostela e Complutense de Madrid (1960). Reside no Reino Unido desde 1964. Foi cofundadora en 1970 do Grupo de Traballo Galego de Londres (GTG), que foi un *think tank* cando aínda non existían, dedicado a pensar sobre Galicia. O GTG pasou por varias etapas pero aínda continua actualmente. É estudosa da astroloxía e estudou esa disciplina en Londres, na Faculty of Astrological Studies.

Traballou como tradutora para varias organizacións internacionais do sistema das Nacións Unidas e na actualidade é tradutora - revisora dunha organización intergubernamental con sede en Londres. Ensinou tradución en cursos de postgrado da Westminster University e da Thames Valley University en Londres. É correspondente da Real Academia Galega desde 2002.

Ten publicado na modalidade de ensaio: *Cartas a Rosalía* (Edicións O Castro, 1981); *Introdución á Astroloxía* (Xerais, 1983) e *Dentro e Fóra* (Nigra, 2003).

Como tradutora: *Contos de Andersen* (Edicións O Castro, 1983); *Alicia no País das Marabillas* (Xerais, 1984); *Alicia do outro lado do espello* (Xerais, 1985); *Fábulas de Esopo* (Laivento, 1997).

No blog “Viento de Marzo, hojas de pensamiento aireado” escribe comentarios políticos e sociais (www.vientodemarzo.blogspot.com) e no blog “Desde Albion para Galiza” analiza o patriarcado (www.desdealbionparagaliza.wordpress.com)

Todos asociamos en xeral o patriarcado co machismo e o mando dos homes sobre as mulleres e pensamos que xa desapareceu ou desaparecerá na medida en que as mulleres consigan igualdade e dereitos. Talvez por iso está sen estudar e nen sequer o feminismo adicoulle atención. A maioría das persoas, se se lles preguntase que idea teñen do que é o patriarcado, dirían seguramente que lles soa a cousa antiga, dos patriarcas da Biblia que levaban barba e berraban ordes desde as montañas. Se alguén lles dixese que o patriarcado é un sistema de goberno e organización da sociedade humana que está vivo en todos os países do mundo e en todos os niveis da política, e que valeu desde tempos inmemoriais para fomentar o autoritarismo e a dictadura e inserir a idea de superioridade e inferioridade nata e de xerarquía natural e indiscutíbel, quedarían sorprendidas e encontraríano exaxerado e difícil de crer.

Tamén sería unha sorpresa se alguén lles dixese que o patriarcado non procede de nengunha relixión e o que fixo foi espallar versións patriarcais de todas elas. O patriarcado usou todas as relixións e crenzas metafísico-filosóficas para adquirir poder “divino”, pero cando por exemplo se analiza a relixión xudaico-cristiana sen facer caso das versións patriarcais habituais, descóbrese que non hai nada nela que apoie ou xustifique o patriarcado e que foi desvirtuada para axustala ao concepto patriarcal do mundo e da vida.

As imaxes patriarcais que se transmitiron da criación do mundo e do ser humano utilizando o Mito da Criación que se encontra no primeiro libro da Biblia, o Xénesis, están inseridas na mente e na imaxinación dos crentes e dos non crentes do mundo occidental, entre outras cousas polo moito que influiron nas artes e o moito que se espallaron. A figura dun Deus masculino e pai, vello, con barba branca e pinta de tirano que tira unha costela dun Adán durmido para facer unha muller, a de Eva tentando a Adán coa mazá do mal e a expulsión dos dous do Paraíso que fai un enfurecido e terríbel Patriarca por teren desobedecido as súas ordes e non pasar a proba a que os someteu, son fortes imaxes que levamos cravadas na imaxinación e están vivas nun nivel fondo do coñecemento colectivo.

Esas imaxes inseriron un ideario patriarcal que deu validez ao sistema dictatorial e absolutista que se impuxo no mundo e en todas as sociedades e outorgou orixe divina á idea de que o pai/autoridade tiña dereito a exixir obediencia cega e a expulsar do fogar paterno aos que non se sometían, que a muller é a tentadora do home e a que o leva ao mal, e que o ser humano de seu non vale nada se non fica pegado á familia na que nace e ten a ousadía de pensar e decidir por si mesmo. Esas pautas son as que rexeron e se repetiron en todas as estruturas das sociedades patriarcais e seguen hoxe tan vivas como antes.

Unha lectura do Mito da Criación na Biblia sen seguir a versión patriarcal que serviu para impor todas esas pautas e inferiorizar á muller indicaría mesmo o

contrario do que se transmitiu. Moitos eruditos afirmaron que a figura criadora que se apresentou como un deus masculino e modelo de patriarca non é Yave nen Jehová, senon Elohim, como aparece en moitas traducións, e que ese nome indica unha personalidade mais feminina ca masculina. Esa figura tamén semella ser dual ou plural, pois que fai o ser humano, definido como “varón e varoa”, “á nosa imaxe, conforme á nosa semellanza” (Xen, 1-26). A cosmogonía que aparece no Mito da Criación do Xénese debe de ser unha das poucas, a única talvez, en que sae un deus ou deusa que non fai os seres humanos para mandar neles e como servidores del ou dela, senón que os fai semellantes a el/ela e ao mesmo nivel. O mais notábel é a falta total de autoritarismo que hai nese relato. Todo é amistoso, amábel e igualitario, e o varón e a varoa, ao seren criados á imaxe e semellanza desa figura feminina/masculina/plural, nacen criadores como ela e non reprodutores, como insistiron as versións patriarcais. Ese Mito da Criación usouse no patriarcado para inferiorizar á muller decindo que o de que fora feita dunha costela do home, e o de que o home fora o primeiro en ser criado (é dicer, o primoxénito en interpretación patriarcal), significaba que nacera subordinada a el e que ao home correspondíanlle o mando, os honores e a superioridade. Se o relato contase o contrario, que a primeira en ser criada fora a muller e que o home nacera dunha costela dela, a versión patriarcal diría que a muller fora feita do pó da terra e por iso valía moito menos có home, que nacera da costela dun ser humano xa vivinte, e que a costela era unha parte noble do corpo humano, moi superior á terra ou barro, e iso facía ao home totalmente espiritual e intelectual e moi superior á muller, que estaría sempre pegada á terra da que saíra.

Se o mito contase que o home fora criado despois da muller, as versión patriarcais terían dito que no proceso de criación había unha secuencia clara de inferior a superior, e que por tanto o home, por ser o último, era a culminación do proceso, o mais perfecto da toda a criación e o ser mellor feito e acabado. O mito conta que a serpe, símbolo do saber, dirixiuse á muller para que comese da árbore do ben e do mal e que a muller comeu porque quería acadar entendimento, cousa que tamén ficou esquecida na versión patriarcal, que insinúa ou afirma que a tentación foi sexual. Se a serpe se tivese dirixido ao home, a interpretación patriarcal sería que a serpe o escollera a el por ser o mais intelixente e intelectual dos dous, e que o home era tan xeneroso que convidara á muller a que comera tamén para que adquirise algo do entendimento que lle faltaba por completo. Todo isto indica o moito que se torceron e desvirtuaron as interpretacións dese relato para axustalo ao dictado patriarcal de que o home é superior e a muller inferior.

A célula básica do patriarcado é a familia patriarcal, que nos parece natural e a única que pode haber porque todos nacemos nela e non coñecemos outra. As mudanzas que houbo neste últimos tempos na estrutura da familia nos países

mais adiantados foron mais que nada sacudidas superficiais que non mudaron esa estrutura nen a mentalidade que vai con ela. O modelo de familia patriarcal é o que impera tanto no Occidente como no Oriente, nos países mulsumáns como nos católicos, na familia heterosexual como na homosexual. Canto mais patriarcal e autoritaria é, mais apresetase como o modelo de “familia cristiana”, o modelo de “familia musulmana” ou o modelo de “familia confuciana”, a familia ideal que ten como fin a reprodución e a entrega dos fillos xa domados ás autoridades, e na que os fillos nacen para os pais-ídolos, sométense á súa autoridade “divina” e nen pensarían en se independizar nen facer nada que non sexa o mandado. Non só hai incapacidade para imaxinar outro modelo de familia, senon que, como non somos conscientes da forza e o poder que ten o patriarcado, non sabemos que dirixe as nosas vidas e nos programa desde que nacemos. O patriarcado aprisionou á humanidade e estamos tan afeitos a vivir encarcerados que non podemos imaxinar como sería vivir en liberdade.

A figura mais importante da familia patriarcal é masculina, o Pai-Patriarca que forma o tronco dela e ten unha autoridade absoluta que debe exercer sobre os subordinados, que son a muller e os fillos. Esa autoridade repítese logo en todas as estruturas da sociedade e implántase así o dominio do masculino sobre o feminino, dos homes sobre as mulleres e dos mais vellos sobre os mais novos. Ese patriarca é na nosa cultura unha figura-ídolo que recibe o mando do Patriarca masculino que está nos ceos vixiando que os fillos da terra obedezan e non se desmanden, e os castiga se o fan. O apelido e a estirpe transmítense por liña masculina e o papel da muller, de reproductora maquinal e sen importancia, é facer fillos para entregalos aos dous patriarcas, o humano e o divino. Os fillos, varóns e mulleres, nacen sen dereito nengún, son premios que o Patriarca divino outorga aos humanos sumisos e obedientes, e son por tanto fillos-obxeto, posesións coas que a autoridade familiar pode facer o que quera e que non son nada até que viran patriarcas se son varóns e axuda aos patriarcas se son mulleres.

Quedan así fixadas as características que o patriarcado impón, e logo esas características repítense e cálcense en todas as estruturas da sociedade: superioridade e inferioridade nata e irreductíbel, xerarquía indiscutíbel e mando e sumisión, é dicir, unha feroz dictadura de amos e escravos na que, ou se é autoridade con poder absoluto sobre todo e todos, ou non se é nada.

O destino humano que impón o patriarcado é de reprodutores, non de criadores, e hai que facer cantos mais fillos mellor. Este sistema impón que todo ser humano naza sen ser nada nen ninguén e sen potencial nengun, excepto se adquire importancia por linaxe ou se, por ser varón, pode proseguir a linaxe e dar continuidade á familia na que naceu transmitindo o apelido. Para conseguir recoñecemento de que se é algo e alguén hai que someterse ao que está marcado e adaptarse ao que xa hai sen aportar nada novo. Iso leva a

depende sempre de forzas externas, e o resultado é que rara vez se conseguirá atopar o propio centro e actuar desde el, e que se estará as mais das veces descentrado. Como o sistema quere uniformidade, amputa a individualidade e non da valor a cada persoa de seu, co que a fai depender sempre dos demais, dos premios ou castigos que receba do exterior, e non poderá facerse a si mesma. Poderá ter iso que chamamos “individualismo”, que é mais ben unha combinación de capricho, egoísmo e ansia de atención e dominio, pero iso asenta nun centro falso e non xurde do verdadeiro centro de cada persoa do que pode emanar a enerxía criadora, a “música” que cada quen pode facer.

O centro falso quer admiración e recoñecemento dos demais, do mundo exterior. Actuar desde el leva á falta de sustancia, a vivir na superficie e a separarse do auténtico centro individual, e polo tanto á insatisfacción e o descontento permanente. Nese nivel conséguese que haxa moi pouca diferenza entre unha persoa e outra: un egocéntrico é moi semellante a outro egocéntrico, igual que un alcohólico é moi semellante a outro, porque están escapando deles mesmos. Esa igualdade é o que quere o patriarcado e o que cultiva desde a familia patriarcal para facilitar o autoritarismo, a tiranía e a idolatría e facer da humanidade unha masa informe doada de manexar por quen teña poder e autoridade.

O patriarcado impón uniformidade e dependencia, e nen sequer os patriarcas ou as autoridades poden ser independentes, porque dependen dos deuses que mandan neles e lles outorgan o poder que teñen. A independencia non se tolera no patriarcado e impídese xa de raíz coa imposición dun dos pilares do sistema, a doutrina da piedade filial, que fai que os fillos nunca se podan independizar dos pais porque nacen cunha débeda impagábel cos que os trouxeron ao mundo. E, aínda que o patriarcado lle deu poder ao home sobre a muller, impediulle a independencia tanto ou mais que a ela ao facelo o principal responsábel da familia na que nace e continuador da estirpe. Por iso, aínda que o patriarcado tratou mellor en aparencia aos homes que ás mulleres, no fondo anulounos mais e fíxoos mais dependentes da familia e mais incapaces de se independizar.

A sociedade que produce ese sistema está sempre ancorada no pasado, que é o único que pode transmitir valía e “raza”, é decir, superioridade nata, e ten medo a toda mudanza que poda ameazar o *statu quo*, polo que amputa o futuro e non impulsa a adiantar senón a recuar.

En materia de educación e preparación para a vida, o patriarcado equipa para unha vida de mando ou de sumisión, de riqueza ou de pobreza, de ser importante ou de non ser nada. Faino xa desde a familia, onde se nace superior ou inferior, desexábel ou indesexábel segun se sexa varón ou muller, e onde edúcase ao varon para o mando e a conquista e á muller para a obediencia e a entrega a unha forza masculina superior, que pode ser un home concreto ou o mundo masculino. Dese xeito establece unha xerarquía da que é case imposíbel saír.

O que se premia non é a mestría dun mesmo, a creatividade e o aportar algo novo ao mundo que o mellor, senón a adaptación e aceptación do que xa hai e a “xestión” do sistema. Para exercer o espírito criador nun sistema que fai todo o posíbel por esmagalo, como é o patriarcado, hai que saírse del, como fixeron, na medida en que puideron, todos os que escolleron a creatividade na vida, e iso trouxo as máis das veces castigo en forma de pobreza, falta de recoñecemento e expulsión.

Un sistema que alentase o espírito criador da humanidade tería que alentalo en cada persoa, e para iso habería que respectar a cada varón ou muller que nace e equipalos para que puidesen construír a súa personalidade e logo criar relacións e integrarse no mundo sen perderen esa personalidade. Habería que ver a cada persoa como se fose un instrumento musical que ela tería que aprender a tocar ben para logo poder, coa educación e o coidado precisos, emitir música e integrarse nunha orquestra sen desafinar e sen apagarse e desaparecer, ou sen querer mandar en todos, imporse, destacar e que se ouvise o que ela tocase por riba do que tocasen os demais . O patriarcado “educa” para imporse ou desaparecer. Amputa e disloca a personalidade individual valéndose da familia patriarcal, que ensina a aceptar o rol mandado e prepara para iso, tanto aos homes como ás mulleres, como se amputaban e quebraban os pés das mulleres chinesas para que así puidesen agradar máis aos homes e cumprisen o destino de discapacitadas que lles fora marcado. Esa personalidade dislocada e quebrada é como un instrumento musical mal tocado, que non se sabe manexar e non é capaz de relacionarse ben cos outros. A personalidade estará frustrada e cunha dor continua e debilitante, como a das chinesas dos pés quebrados, e, como non está completa e non sabe o que facer consigo mesma, buscará o contento e a satisfacción, ou a “felicidade” que lle falta, nos demais, pero sempre desafinando.

O patriarcado maltratou á muller e anulou o feminino, pero tamén maltratou ao home e anulou o masculino. O patriarcado decretou que o feminino era sentimento falto de cerebro e de intelixencia e inferior a o masculino, que era “cerebro” e superior. Coa segregación deses dous principios impediu que se desenvolvese a verdadeira intelixencia humana, que precisa dun intelecto e un sentimento cultivados e funcionando unidos. O intelecto sen sentimento e o sentimento sen intelecto funcionan embrutecidos e desbocados e son incapaces de enxuciar ben.

Iso explica que, a pesares dos moitos adiantos materiais que debían ter feito a vida máis grata, o que impere sexa a inxustiza, o desánimo, o desconcerto e o descontento, e que o mundo estea tan desorientado. Ese é o resultado lóxico da dictadura, o absolutismo e a anulación do ser humano, home e muller, que impón o patriarcado que rexe a política familiar, nacional e internacional.

PATRIARCADO Y AUTORITARISMO

Teresa Barro¹

RESUMEN

El patriarcado es un sistema de gobierno de la sociedad humana que inserta autoritarismo y dictadura y usa la familia patriarcal para fijar pautas de superioridad e inferioridad nata, jerarquía indiscutible e injusticia que luego se repiten en todas las estructuras políticas, sociales y económicas. El patriarcado ancla en el pasado, fomenta la imitación, la uniformidad y la reproducción automática, impide la creación y aprisiona a la humanidad. El patriarcado maltrata a las mujeres y las promulga inferiores; pero, aunque decreta la superioridad de lo masculino, también quiebra, malogra y anula a los hombres.

¹ La autora María Teresa Barro Muñoz-Ortiz es licenciada en Filosofía y Letras por las Universidades de Santiago de Compostela y Complutense de Madrid (1960). Reside en el Reino Unido desde 1964. Fue cofundadora en 1970 del Grupo de Trabajo Gallego de Londres (GTG), que fue un *think tank* cuando todavía no existían, dedicados a pensar sobre Galicia. El GTG pasó por varias etapas pero aún continúa actualmente. Es estudiosa de la astrología y estudió esa disciplina en Londres, en la Faculty of Astrological Studies.

Trabajó como traductora para varias organizaciones internacionales del sistema de las Naciones Unidas y en la actualidad es traductora – revisora de una organización intergubernamental con sede en Londres. Enseñó traducción en cursos de postgrado de la Westminster University y de la Thames Valley University en Londres. Es correspondiente de la Real Academia Galega desde 2002.

Tiene publicado en la modalidad de ensayo: *Cartas a Rosalía* (Edicións do Castro, 1981); *Introducción a la Astrología* (Xerais, 1983) y *Dentro e Fora* (Nigra, 2003).

Como traductora: *Contos de Andersen* (Edicións O Castro, 1983); *Alicia no País das Marabillas* (Xerais, 1984); *Alicia do outro lado do espello* (Xerais, 1985); *Fabulas de Esopo* (Laivento, 1997).

En el blog “Viento de Marzo, hojas de pensamiento aireado” escribe comentarios políticos y sociales (www.vientodemarzo.blogspot.com) y en el blog “Desde Albion para Galiza” analiza el patriarcado (www.desdealbionparagaliza.wordpress.com)

Todos asociamos en general el patriarcado con el machismo y el mando de los hombres sobre las mujeres y pensamos que ya ha desaparecido o desaparecerá en la medida en que las mujeres consigan igualdad y derechos. Quizá sea por eso por lo que está sin estudiar y ni siquiera el feminismo le dedicó atención. Si se preguntase a la mayoría de las personas qué idea tienen de lo que es el patriarcado, dirían seguramente que les suena a cosa antigua, de los patriarcas de la Biblia que llevaban barba y vociferaban órdenes desde las montañas. Si alguien les dijese que el patriarcado es un sistema de gobierno y organización de la sociedad humana que está vivo en todos los países del mundo y en todos los niveles de la política, y que sirvió desde tiempos inmemoriales para fomentar el autoritarismo y la dictadura e insertar la idea de superioridad e inferioridad nata y de jerarquía natural e indiscutible, quedarían sorprendidas y lo encontrarían exagerado y difícil de creer.

Sería también una sorpresa si alguien les dijese que el patriarcado no procede de ninguna religión y que lo que hizo fue difundir versiones patriarcales de todas ellas. El patriarcado usó todas las religiones y creencias metafísico-filosóficas para adquirir poder "divino"; pero, si se analiza por ejemplo la religión judaico-cristiana sin hacer caso de las versiones patriarcales habituales, se descubre que no hay nada en ella que apoye o justifique el patriarcado y que fue desvirtuada para ajustarla al concepto patriarcal del mundo y de la vida.

Las imágenes patriarcales que se transmitieron del mundo y del ser humano utilizando el Mito de la Creación que se encuentra en el primer libro de la Biblia, el Génesis, están incrustadas en la mente y la imaginación tanto de los creyentes como de los no creyentes de la civilización occidental, entre otras cosas por lo mucho que influyeron en las artes y lo mucho que se difundieron. La figura de un Dios masculino, padre, con barba blanca y aspecto de tirano que saca una costilla de un Adán dormido para hacer una mujer, la de Eva tentando a Adán con la manzana del mal y la expulsión de los dos del Paraíso que hace un enfurecido y terrible Patriarca por haber desobedecido sus órdenes y no pasar la prueba a que los sometió, son fuertes imágenes que llevamos clavadas en la imaginación y están vivas en un nivel profundo del conocimiento colectivo.

Esas imágenes insertaron un ideario patriarcal que dio validez al sistema dictatorial y absolutista que se impuso en el mundo y en todas las sociedades y otorgó origen divino a la idea de que el padre/autoridad tiene derecho a exigir obediencia ciega y a expulsar del hogar paterno a los que no se sometan a sus mandatos, que la mujer es la tentadora del hombre y la que lo lleva al mal, y que el ser humano no vale nada si no permanece pegado a la familia en la que nace y tiene la osadía de pensar y decidir por sí mismo. Esas pautas son las que rigieron y se repitieron en todas las estructuras de las sociedades patriarcales y siguen tan vivas hoy como en el pasado.

Una lectura del mito de la creación en la Biblia sin seguir la versión patriarcal que sirvió para imponer todas esas pautas y decretar la inferioridad de la mujer, indicaría

justo lo contrario de lo que se transmitió. Muchos eruditos afirmaron que la figura creadora que se pintó como un dios masculino y modelo de patriarca no es Yave ni Jehová, sino Elohim, como aparece en muchas traducciones, y que ese nombre indica una personalidad más femenina que masculina. Esa figura también parece ser dual o plural, puesto que hace al ser humano, definido como “varón y varona”, “a imagen nuestra, conforme a nuestra semejanza” (Gen, 1-26). La cosmogonía que aparece en el Mito de la Creación del Génesis debe de ser una de las pocas, la única quizá, en que sale un dios o diosa que no hace a los seres humanos para mandar en ellos y como servidores de él o de ella, sino que los hace semejantes a él/ella y al mismo nivel. Lo más notable es la falta total de autoritarismo que hay en ese relato. Todo es amistoso, amable e igualitario, y el varón y la varona, al ser creados a imagen y semejanza de esa figura femenina/masculina/plural, nacieron creadores como ella y no reproductores, como transmitieron las versiones patriarcales. Ese Mito de la Creación se usó en el patriarcado para decretar que la mujer era inferior por haber sido hecha de una costilla del hombre, y para afirmar que el hecho de que el hombre fuese el primero en ser creado (es decir, el primogénito en interpretación patriarcal) significaba que la mujer había nacido subordinada a él y que era al hombre a quien correspondían el mando, los honores y la superioridad. Si el relato contase lo contrario, que la primera en ser creada fue la mujer y que el hombre nació de una costilla de ella, la versión patriarcal afirmaría que, por ser la mujer hecha del polvo de la tierra, valía mucho menos que el hombre, que había sido creado de una costilla de un ser humano ya viviente, y que la costilla era una parte noble del cuerpo humano, muy superior al polvo de la tierra, por lo que el hombre era totalmente espiritual e intelectual y muy superior a la mujer, que estaría siempre pegada a la tierra de la que salió.

Si el mito contase que el hombre fue creado después de la mujer, las versiones patriarcales habrían hecho notar la indiscutible secuencia de inferior a superior que hay en el proceso de creación que se describe, y que por ello el hombre, al ser el último, era la culminación del proceso, el más perfecto de toda la creación y el ser mejor hecho y acabado. El mito cuenta que la serpiente, símbolo del saber, se dirige a la mujer para invitarla a que coma del árbol del bien y del mal, y que la mujer come porque desea tener entendimiento, detalle que la versión patriarcal deforma al insinuar o afirmar que la tentación fue sexual. Si la serpiente se hubiese dirigido al hombre, la interpretación patriarcal sería que la serpiente lo había escogido a él por ser el más inteligente e intelectual de los dos, y que el hombre era tan generoso que había invitado a la mujer a que comiese también para que adquiriese un poco del entendimiento que tanto le faltaba. Todo ello indica lo mucho que se torcieron y desvirtuaron las interpretaciones de ese relato para ajustarlas al dictado patriarcal de que el hombre es superior y la mujer inferior.

La célula básica del patriarcado es la familia patriarcal, que nos parece natural y la única que puede haber porque es en la que todos nacemos y no conocemos otra. Los cambios que hubo en estos últimos tiempos en los países más adelantados en la

organización de la familia fueron más que nada sacudidas superficiales que no cambiaron la estructura de esa familia ni la mentalidad que va con ella. El modelo de familia patriarcal es el que impera tanto en Occidente como en Oriente, en los países musulmanes como en los católicos, en la familia heterosexual como en la homosexual. Cuanto más patriarcal y autoritaria es, más se presenta como el modelo de “familia cristiana”, el modelo de “familia musulmana” o el modelo de “familia confuciana”, la familia ideal cuyo fin es la reproducción y entrega de los hijos ya domados a las autoridades y en la que los hijos nacen para los padres-ídolos, se someten a su autoridad “divina” y no pensarían en independizarse ni en hacer nada que no sea lo mandado. No sólo hay incapacidad para imaginar otro modelo de familia, sino que, como no somos conscientes de la fuerza y el poder que tiene el patriarcado, no sabemos que dirige nuestras vidas y nos programa desde que nacemos. El patriarcado aprisionó a la humanidad y estamos tan acostumbrados a vivir encarcelados que no podemos imaginar cómo sería vivir en libertad.

La figura más importante de la familia patriarcal es masculina, el Padre-Patriarca que forma el tronco de ella y tiene una autoridad absoluta que deberá ejercer sobre los subordinados, que son la mujer y los hijos. Ese tipo de autoridad se repite después en todas las estructuras de la sociedad y se implanta así el dominio de lo masculino sobre lo femenino, de los hombres sobre las mujeres y de los mayores sobre los jóvenes. Ese patriarca es en nuestra cultura una figura-ídolo que recibe el mando del Patriarca masculino que está en los cielos vigilando que los hijos en la tierra obedezcan y no se rebelen, y los castiga si lo hacen. El apellido y la estirpe se transmiten por línea masculina y el papel de la mujer, de reproductora maquinal y sin importancia, es el de hacer hijos para entregárselos a los dos patriarcas, el humano y el divino. Los hijos, varones y mujeres, nacen sin ningún derecho, son premios que el Patriarca divino otorga a los humanos sumisos y obedientes, y son por tanto hijos-objeto, posesiones con las que la autoridad familiar podrá hacer lo que quiera y que no serán nada hasta que se conviertan en patriarcas si son varones y en ayuda a los patriarcas si son mujeres.

Quedan así fijadas las características que el patriarcado impone, y después esas características se calcan en todas las estructuras de la sociedad: superioridad e inferioridad nata e irreductible, jerarquía indiscutible, y mando y sumisión, es decir, una feroz dictadura de amos y esclavos en la que, o se es autoridad con poder absoluto sobre todo y todos, o no se es nada.

El destino humano que impone el patriarcado es de reproductores, no de creadores, y hay que hacer cuantos más hijos mejor. Este sistema prescribe que todo ser humano nazca sin ser nada ni nadie y sin ningún potencial, salvo si adquiere importancia por linaje o si, por ser varón, puede proseguir el linaje y dar continuidad a la familia en la que nació transmitiendo el apellido. Para conseguir reconocimiento de que se es algo y alguien hay que someterse a lo que está marcado y adaptarse a lo que ya hay sin aportar nada nuevo. Eso lleva a depender siempre de fuerzas externas,

y el resultado es que rara vez se conseguirá encontrar el propio centro y actuar desde él, y que se estará casi siempre descentrado. Como el sistema quiere uniformidad, amputa la individualidad y no da valor a cada persona en sí, con lo que la hace depender siempre de los demás, de los premios o castigos que reciba del exterior, y no podrá hacerse a sí misma.

Podrá tener lo que denominamos “individualismo”, que viene siendo una combinación de capricho, egoísmo y ansia de atención y dominio, pero eso asienta en un centro falso y no surge del verdadero centro de cada persona del que puede emanar la energía creadora, la “música” que cada cual puede hacer. El centro falso busca admiración y reconocimiento de los demás, del mundo exterior. Actuar desde él lleva a la falta de sustancia, a vivir en la superficie y a separarse del auténtico centro individual y por lo tanto a la insatisfacción y el descontento permanente. En ese nivel se consigue que haya muy poca diferencia entre una persona y otra: un egocéntrico es muy parecido a otro egocéntrico, al igual que un alcohólico es muy parecido a otro, porque están escapando de sí mismos. Esa igualdad es lo que quiere el patriarcado y lo que cultiva desde la familia patriarcal para facilitar el autoritarismo, la tiranía y la idolatría y hacer de la humanidad una masa informe fácil de manejar por quien tenga poder y autoridad.

El patriarcado impone uniformidad y dependencia, y ni siquiera los patriarcas o los que tienen autoridad pueden ser independientes, porque dependen de los dioses que mandan en ellos y les otorgan el poder que tienen. El patriarcado no tolera la independencia y la corta ya de raíz con la imposición de uno de los pilares del sistema, la doctrina de la piedad filial que prescribe que los hijos no se puedan independizar de los padres porque nacen con una deuda con quienes los trajeron al mundo que nunca podrán pagar. Y, aunque al patriarcado le dio poder al hombre sobre la mujer, le impidió la independencia tanto o más que a ella al hacerlo el principal responsable de la familia en la que nace y continuador de la estirpe. Por eso, aunque el patriarcado trató mejor en apariencia a los hombres que a las mujeres, en el fondo los anuló más y los hizo más dependientes de la familia y más incapaces de independizarse.

La sociedad que produce ese sistema está siempre anclada en el pasado, que es lo único que puede transmitir valía y “raza”, es decir, superioridad nata, y teme todo cambio que pueda representar una amenaza al *statu quo*, por lo que amputa el futuro y no impulsa a adelantar, sino a retroceder.

En materia de educación y preparación para la vida el patriarcado equipa para una vida de mando o de sumisión, de riqueza o de pobreza, de ser importante o de no ser nada.

Lo hace ya desde la familia, donde se nace superior o inferior, deseable o indeseable según se sea varón o mujer, y donde se educa al varón para el mando y la conquista y a la mujer para la obediencia y la entrega a una fuerza masculina superior, que podrá ser un hombre concreto o el mundo masculino. De esa forma se establece

una jerarquía de la que es casi imposible salir. Lo que se premia no es el llegar a ser dueño de uno mismo, la creatividad y el aportar algo nuevo al mundo que lo mejore; sino la adaptación y aceptación de lo que ya hay y la “gestión” del sistema. Para ejercer el espíritu creador en un sistema que hace todo lo posible por ahogarlo, como es el patriarcado, hay que salirse de él, como hicieron, en la medida en que pudieron, todos los que escogieron la creatividad en la vida, y eso trajo muchas veces castigo en forma de pobreza, falta de reconocimiento y expulsión.

Un sistema que alentase el espíritu creador de la humanidad tendría que alentarlo en cada persona, y para eso habría que respetar a cada varón o mujer que nace y equiparlos para que pudiesen construir su personalidad y después crear relaciones e integrarse en el mundo sin perder esa personalidad. Habría que ver a cada persona como si fuese un instrumento musical que ella tendría que aprender a tocar bien para después poder, con la educación y el cuidado precisos, emitir música e integrarse en una orquesta sin desafinar y sin apagarse y desaparecer, o sin querer mandar en todos, imponerse, destacar y que se oiga lo que ella toca por encima de lo que toquen los demás. El patriarcado “educa” para imponerse o desaparecer. Amputa y disloca la personalidad individual valiéndose de la familia patriarcal, que enseña a aceptar el rol fijado y prepara para eso, tanto a los hombres como a las mujeres, como se amputaban y quebraban los pies de las mujeres chinas para que pudiesen agradar más a los hombres y cumpliesen el destino de discapacitadas que tenían marcado. Esa personalidad dislocada y quebrada es como un instrumento musical mal tocado, que no se sabe manejar y no es capaz de relacionarse bien con los otros. La personalidad estará frustrada y con un dolor continuo y debilitante, como el de las chinas de los pies quebrados, y, al no estar completa y no saber qué hacer consigo misma, buscará el contento y la satisfacción, o la “felicidad” que le falta, en los demás, pero siempre desafinando.

El patriarcado maltrató a la mujer y anuló lo femenino, pero también maltrató al hombre y anuló lo masculino. El patriarcado decretó que lo femenino era sentimiento sin cerebro y sin inteligencia e inferior a lo masculino, que era “cerebro” y superior.

Con la segregación de esos dos principios impidió que se desarrollase la verdadera inteligencia humana, que precisa un intelecto y un sentimiento cultivados y funcionando juntos. El intelecto sin sentimiento y el sentimiento sin intelecto funcionan embrutecidos y desbocados y son incapaces de enjuiciar bien.

Eso explica que, a pesar de los muchos adelantos materiales que debieran haber hecho la vida más grata, lo que impere sea la injusticia, el desánimo, el desconcierto y el descontento, y que el mundo esté tan desorientado. Ese es el resultado lógico de la dictadura, el absolutismo y la anulación del ser humano, hombre y mujer, que impone el patriarcado que rige la política familiar, nacional e internacional.

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

XUNTA DIRECTIVA

PRESIDENTE: Antonio de la Iglesia Soriano

VICEPRESIDENTE E TESOUREIRO: Cipriano Luis Jiménez Casas

SECRETARIO: José Manuel Varela Rodríguez

CONSELLO ASESOR

Manuel Ojea Rúa, José Antonio García Villar

MEMBROS DE AUTISMO GALICIA

APACAF

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista do Centro de Apoio Familiar "A Braña"

- ✉ Rúa Pracer, nº 5-3º B
36202 Vigo (Pontevedra)
- ☎ 986 226 647
- E-mail: info@apacaf.org
www.apacaf.org

APA MECOS

Asociación de Pais de Persoas con Autismo "Os Mecos"

- ✉ Rúa Fonsín, s/n - Baión
36614 - Vilanova de Arousa
- ☎ 986 708 640
- E-mail: apamecos@yahoo.es

A.S.P.A.N.A.E.S.

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro Autista T.E.A. da Provincia da Coruña

- ✉ Rúa Camiño da Igrexa, nº 40 - baixo
15009 A Coruña
- ☎ 981 130 044
- ☎ 981 130 787
- E-mail: administracion@aspanaes.org
www.aspanaes.org

AUTISMO VIGO

Asociación Autismo Vigo

- ✉ Rúa Camelias, nº 108, oficina 2
36201 Vigo (Pontevedra)
- ☎ 986 437 263
- ☎ 986 228 528
- E-mail: autismovigo@gmail.com
www.autismovigo.org

APA CASTRO NAVÁS

Asociación de Pais do Centro "Castro Navás"

- ✉ Rúa Navás, nº 11-Priegue
36391 Nigrán (Pontevedra)
- ☎ 986 365 558
- E-mail: fundacion@menela.org

FUNDACIÓN MENELA

- ✉ Avda. Marqués de Alcedo, nº 19
36203 Vigo (Pontevedra)
- ☎ 986 423 433/902 502 508
- ☎ 986 484 228
- E-mail: fundacion@menela.org
www.menela.org

FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA

- ✉ Rúa Camiño da Igrexa, nº 40-baixo
15009 A Coruña
- ☎/☎ 981 130 553 Fax: 981 130 787
- E-mail: autismocoruna@yahoo.es

APA MENELA

Asociación de Pais do Centro "Menela"

- ✉ Camiño da Veiguiña, nº 15 - Alcabre
36212 Vigo (Pontevedra)
- ☎ 986 240 703
- E-mail: fundacion@menela.org

FUNDACIÓN TUTELAR CAMIÑO DO MIÑO

- ✉ Rúa Xoanelo, nº 2
36202 Vigo (Pontevedra)
- ☎ 986 222 023
- ☎ 902 502 508
- E-mail: fundacion@menela.org

ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON TRASTORNO DA COMUNICACIÓN SOCIAL DE OURENSE

- ✉ Rúa Santo Domingo, 35, entrecán, 1
32003 Ourense
- ☎ 988 049 632 - 686 330 356
- E-mail: trascos@trascos.es

ASOCIACIÓN CAPACES LUGO

- ✉ Rúa Castro Gil Grabador, 13-2º
27004 Lugo
- ☎ 619 170 890
- E-mail: capacelugo@gmail.com

Colabora



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

